



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Sistemas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección Escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	5
CARACTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Damián Contreras
DOCENTE	Nome e apelidos: Ermel Morales Ramón <a href="mailto:ermelmorales@edu.xunta.es">ermelmorales@edu.xunta.es</a> Titorías <a href="http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas">www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas</a>
DESCRIPCIÓN	Introducción á técnica actoral e estudo dos procedementos e recursos expresivos e dos procesos psicofísicos do/a actor/actriz. Introducción aos diferentes estilos e métodos en interpretación na perspectiva da dirección de escena e a dramaturxia.
CONECAMENTOS PREVIOS	

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica constructiva no traballo en equipo
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica constructiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á auto formación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE			
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.		
ED2	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.		
ED5	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.		
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1.- Proporcionar aos alumnos coñecementos básicos na arte da interpretación.		T1, X2, X6, ED2	
2.- Capacitar ao alumno na aprendizaxe de mecanismos psico-físicos que lle permitan coñecer e tomar conciencia do seu instrumento.		T1,T2,T3, X1,X2,ED2	
3.- Dotar ao alumno de recursos para poder afrontar diferentes códigos interpretativos, xéneros, estilos ou tendencias.		T1, T2, T3, X6, ED1, ED2	
4.- Desenvolver a percepción de conxunto. Capacitar ao alumno para interaccionar, sentir e percibir a presenza do conxunto no individuo e do individuo no conxunto: o todo e as partes		T1,T2,T3,T6,T7,X1,X2,X3,X6,X8, ED1,ED2,	
5.- Coñecer os principios básicos da técnica da actuación naturalista. Diferentes técnicas e autores.		T1,T2,T3,X1,X2,X6,X8,ED2,ED5	
6.- Capacitar ao alumno para relacionar a teoría da interpretación coa súa práctica.		T1,T2,T3,X1,X2,X6,X8,ED1,ED2	
7.- Capacitar ao alumno para integrar o seu proceso creativo no ámbito escénico, nas relacións co seu partenaire e nas posibilidades para adirección.		T1,T2,T3,X1,X2,X3,X6,X8,ED1, ED2	
8.- Desenvolver o sentido ético do actor e a autodisciplina no traballo.		T3,T6,T7,X2,X3,X6,X8,ED1,ED2	
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1.- Sistemas de interpretación I	1.1. Principios básicos da interpretación actoral. 1.1.1 A alerta escénica. 1.1.2 .A escoita. 1.1.3. A concentración 1.1.4. A imaxinación 1.1.5. Acción – reacción 1.1.6. O traballo en equipo 1.1.7. Corporalidade e movemento	15	
2.- Prácticas de interpretación	2.1. Técnicas de improvisación I. Creación de personaxes. 2.2 .Achegamento á fala escénica 2.2.1. Texto. Subtexto.	15	
TOTAL SESIÓNS			30
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	4		4
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	8		8
Práctica individual	15	25	40
Práctica colectiva	25	15	40
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias	2	30	32
Outros		5	5
Titorías individuais			
Titorías de grupo		8	8
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4	7	11
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	60	90	150
PORCENTAXE	40 %	60%	100%

# E

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXIAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Práctica Individual	O estudante desenvolve prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Práctica Colectiva	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Titoría en grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe
Actividades Complementarias	Actividades relacionadas coa aprendizaxe da materia e que non se desenvolven no ámbito escolar. Asistencia a espectáculos, recollida de documentación, asistencia a rodaxes.
A estruturación docente	As clases estruturaránse seguindo unha progresividade que predispoña ao corpo-mente do alumno a entrar en acción. E dicir, empezárase por exercicios de Técnicas Interpretativas, seguirase cos de corpo (desde a perspectiva da materia de interpretación) e rematarase cos de improvisación eos da Estructura Dramática.
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística da forma máis axeitada.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquietudes que aparezan en cada caso.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Interpretación na aula	T1, T3, T7, X1, X2, X6, ED1, ED2, ED5	25% da nota
Execución de traballos	T1, T2, T3, T7, X1, X2, X6, X8, ED1, ED2, ED5	25% da nota
Seguimento diario e asistencia	T1,T2,T3,T6,T7, X1, X2, X3, X6, ED1, ED2, ED5	50% da nota

8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Quecemento actoral: o alumno deberá facer un training actoral a un mínimo de tres actores, no que demostrará coñecer todos os conceptos do tema 1. O quecemento terá unha duración estimada de 30 minutos como mínimo, e 45 como máximo, e estará acompañado dunha memoria que recolla os obxectivos de cada exercicio así como a temporalidade e organización da sesión.	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X2, X3, X6, ED1, ED2, ED5	30%
O alumno elixirá un texto dos traballados no aula e realizará una proposta da posta en escena. O exercicio debe contar cun mínimo de dous actores, e ter unha duración mínima de dez minutos. A posta en escena debe estar acompañada dunha memoria que recolla o proceso de traballo do director cos actores, relacionando os contidos teóricos coa práctica.	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X2, X3, X6, ED1, ED2, ED5	50%
Exposición Oral O alumno/a expoñerá a análise da posta en escena arriba indicada e relacionará os contidos coas prácticas das escenas presentadas	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X2, X3, X6, ED1, ED2, ED5	20%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Os mesmos da avaliación extraordinaria	Os mesmos da avaliación extraordinaria	Os mesmos da avaliación extraordinaria
Os exercicios específicos obxectos de exame, serán comunicados polo profesor con antelación, sempre e cando o alumno se comunique, de forma voluntaria, co profesor.		

**NOTA:** Todos os traballos teóricos/memorias terán unha presentación co estilo que marcan as regras universitarias: letra tipo Times New Roman 12, interliñado sinxelo. Os traballos terán que conter: portada, índice, introducción, desenvolvemento dos contidos do índice, bibliografía e epílogo.

## 9. BIBLIOGRAFIA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

## Referencias básicas

BARBA, Eugenio; SAVARESE, Nicola, *El arte secreto del actor*, Escenología, México, 1990  
 CASTILLO, Carles, *Improvisación, el arte de crear el momento*, Ñaque editorial, C. Real, 2007  
 CHÉJOV, Mijail, *Sobre la técnica de la actuación*, Alba editorial, Barcelona, 1999.  
 GROTOWSKI, Jerzy, *Hacia un teatro pobre*, Alba Editorial, Barcelona, 2002  
 KNEBEL, María Osipovna, *El último Stanislavski*, Fundamentos, Madrid, 1999  
 LAYTON, William, *¿Por qué? Trampolín del actor*, Fundamentos, Madrid, 1999.  
 RUIZ, Borja, *El arte del actor en el siglo XX*, Artezblai, Bilbao, 2008  
 SERRANO, Raúl, *Tesis sobre Stanislavski en la educación del actor*, Escenología, México, 1996  
 STANISLAVSKI, Constantin, *El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso de la vivencia*, Alba editorial, Barcelona, 2003  
*El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la encarnación*, Alba editorial, Barcelona, 2009

## Referencias complementarias

ABIRACHED, R. *La crisis del personaje en el teatro moderno*. Publicaciones de la ADE, Madrid, 1997  
 ASLAN, ODETTE, *El actor en el siglo XX. Evolución de la técnica. Problema ético*, Gustavo Gili, Barcelona, 1979  
 ARISTÓTELES, *Poética*, Alianza editorial, Madrid, 2004  
 BOAL, A, *Juego para actores y no actores*, Alba editorial, Barcelona, 2001  
 BRECHT, B. , *Escritos sobre teatro*. Alba editorial, Barcelona, 2004  
 CHÉJOV, Mijail, *Lecciones para el actor profesional*, Alba editorial, Barcelona, 2006.  
 GROTOWSKI, Jerzy, *Teatro laboratorio*, Tusquets editores, Barcelona, 1980  
 INNES, Christopher, *El teatro sagrado. El ritual y la vanguardia*, Fondo de cultura económica, México, 1992  
 JARA, J., MANTOVANI, A. , *El actor creativo, la actriz creativa (manual para conseguirlo)*, Artezblai, Bilbao, 2006  
 KNEBEL, María Osipovna, *La palabra en la creación actoral*, Fundamentos, Madrid, 2004  
 LAYTON, William, *¿Por qué? Trampolín del actor*, Fundamentos, Madrid, 1999.  
 MEYERHOLD, Vsevolod, *Teoría teatral*, Fundamentos, Madrid, 1998  
 RICHARSON, Don, *Interpretar sin dolor*, ADE, Madrid, 2000  
 RODRÍGUEZ, EVANGELINA, *La técnica del actor español en el Barroco, hipótesis y documentos*, Castalia, Madrid, 1998  
 SERRANO, Raúl, *Tesis sobre Stanislavski en la educación del actor*, Escenología, México, 1996  
 STANISLAVSKI, Constantin, - *Un actor se prepara*, Diana, México, 1999  
 STANISLAVSKI, Constantin - *La construcción del personaje*, Alianza editorial, 1999  
 VIO, K, *Explorando el match de improvisación*, Ñaque editorial, C. Real, 2005

## 10. OBSERVACIONES

O establecido no apartado 4, contidos, pode ser obxecto de modificación en función dos acordos entre profesorado e alumnado, en función das necesidades do propio alumno e en función das necesidades das propostas dramáticas. Estos cambios trasladaranse á Xefatura de Departamento e de Estudos para o seu coñecemento.